

VALEDOR DO ESTUDIANTE E DA COMUNIDADE UNIVERSITARIA

INFORME Ó CLAUSTRO DA UNIVERSIDADE

CURSO 96-97

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

En cumprimento do establecido no artigo 11 do Estatuto do valedor do Estudiante e da Comunidade Universitaria preséntase ante o Claustro este informe da xestión realizada entre o 1 de setembro de 1996 e o 30 de setembro de 1997.

Artigo 11: *Da memoria anual*

O valedor dará conta anualmente ó Claustro Universitario da xestión feita nun informe que presentará ante o mesmo na primeira reunión que se convoque ó comeza-lo novo curso académico.

ÍNDICE

- 1.- Presentación.
- 2.- Estatuto do Valedor do Estudiante e demais membros da Comunidade Universitaria.
- 3.- Posta en marcha da Oficina do Valedor.
- 4.- Funcionamento do Valedor.
 - 4.1.- Formas de actuación.
- 5.- Actuacións.
 - 5.1.- Intervencións e Mediacións.
 - 5.2.- Actuacións de Oficio e Informes.
 - 5.3.- Queixas.
- 6.- Conclusións.
- 7.- Referencias estadísticas.

1.- PRESENTACIÓN.

Debido, posiblemente, á percepción de que a complexidade legal e administrativa na que a sociedade desenvolve as súas actividades provoca no cidadán unha sensación de indefensión estase estendendo en diversos ámbitos a necesidade da figura do valedor como garantía dos dereitos dos cidadáns.

Nos anos noventa a universidade española incorporouse a este proceso, de xeito que en setembro de 1996 celebrouse en Castellón o “I Encontro Estatal de Defensores de la Comunidad Universitaria” ó que asistiron representantes das 16 universidades nas que, baixo diversas fórmulas organizativas pero con análogas funcións, existe esta figura. Hai que ter en conta que ó citado Encontro asistiron representantes doutras 22 universidades que aínda non teñen institucionalizada a figura do valedor pero que están interesadas na súa creación, e que algunhas universidades a contemplan nos seus estatutos pero non remataron o proceso de elección.

No ano 1996 a Xunta de Goberno da Universidade de Santiago de Compostela tomou o acordo de crea-la figura do valedor do Estudiante e da Comunidade Universitaria como “... o comisionado do Claustro Universitario para a defensa e garantía dos dereitos dos estudantes e demais membros da Comunidade Universitaria, recoñecidos nos Estatutos da Universidade e naquelas disposicións que os desenvolvan” (Estatuto do valedor, artigo 1), asignándolle para iso como funcións “... o valedor supervisará a actuación administrativa da Universidade, coidando de oficio ou a instancia de parte que quede garantido o exacto cumprimento dos dereitos dos estudantes e demais membros da Comunidade Universitaria, para evitar situacións de arbitrariedade”. (Estatuto do valedor, artigo 2).

Tal como expresou a Presidenta do Tribunal de Greuges da Universitat de València - Estudi General no discurso de apertura do mencionado “I Encontro Estatal”, é evidente que, no contexto actual, as universidades dispoñen de mecanismos suficientes, representativos e democráticos, para cumpri-los obxectivos que acabamos de indicar, pero non cabe dúbida de que o valedor Universitario está máis cerca da Comunidade Universitaria que os órganos de goberno, inevitablemente restrinxidos na súa área de competencia, obrigatoriamente xeneralizadores, universalizadores dos problemas e as

solucións.

Para rematar, é necesario destaca-la transcendencia que para o reforzamento e a consolidación da figura do valedor vai supoñe-la súa inclusión nos novos Estatutos da Universidade que en data recente aprobou o Claustro Universitario.

2.- ESTATUTO DO VALEDOR DO ESTUDIANTE E DA COMUNIDADE UNIVERSITARIA.

Artigo 1.- Concepto

O valedor do Estudiante e da Comunidade Universitaria é o comisionado do Claustro Universitario para a defensa e garantía dos dereitos dos estudantes e demais membros da Comunidade Universitaria, recoñecidos nos Estatutos e naquelas disposicións que os desenvolvan.

Artigo 2.- Funcións

O valedor do Estudiante e da Comunidade Universitaria exercerá as funcións que este Estatuto lle encomende e as que contemplan as disposicións de desenvolvemento.

En particular, o valedor supervisará a actuación administrativa da Universidade, coidando de oficio ou a instancia de parte que quede garantido o exacto cumprimento dos dereitos dos estudantes e demais membros da Comunidade Universitaria, para evitar situacións de arbitrariedade. Todo isto sen prexuízo dos recursos e garantías contidas nos Estatutos e na lexislación vixente.

Artigo 3.- Elección

Poderá ser elixido valedor aquel membro da Comunidade Universitaria con acreditada imparcialidade, prestixio e honestidade.

A condición de valedor é incompatible co desempeño de calquera outro cargo de goberno universitario.

O valedor do Estudiante e da Comunidade Universitaria será elixido polo Claustro por un período de dous anos podendo ser reelixido por outros dous anos.

Resultará electo aquel candidato que obteña o voto favorable de 3/5 dos claustrais presentes, unha vez constituído o Claustro co quórum ordinario. Se ningún candidato resultase elixido no prazo de dous anos, entón bastará, para a súa elección, o candidato que obteña o voto favorable da maioría dos claustrais presentes.

Vacante o cargo de valedor, o presidente do Claustro iniciará o procedemento para a elección dun novo valedor no prazo non superior a trinta días hábiles en período lectivo.

Artigo 4.- Perda da condición

O valedor perderá a súa condición por algunha das seguintes causas:

- a) A petición propia
- b) Por remata-lo período do mandato.
- c) Por morte ou incapacidade legal sobrevida.
- d) Por perda das condicións necesarias para ser elixido.
- e) Por voto de censura de 3/5 dos membros legais do Claustro.

No caso de cesamento polos causas a) e b), quedará en funcións ata a elección do seu sucesor. Cando o cesamento se produza polas restantes causas, quedará en funcións o vicevaledor.

Artigo 5.- *Do vicevaledor*

O valedor poderá nomear un vicevaledor, que se encargará dos temas que o valedor lle encargue e que o substituirá no caso en que o valedor non poida exercer.

Artigo 6.- *Dos medios do valedor*

Para o desempeño das súas funcións disporá dos medios persoais e materiais que o fagan posible. Cando o requira o desenvolvemento das súas funcións o valedor terá o dereito de optar á dispensa parcial ou total de calquera outras obrigas que lle incumban en calidade de membro da Universidade de Santiago de Compostela.

Artigo 7.- *Das garantías do valedor no exercicio da súa función*

O valedor non poderá ser expedientado por razón das opinións que formule ou polos actos que realice no exercicio do seu cargo.

Así mesmo, non estará sometido a mandato imperativo ningún, nin recibirá instrucións de ningunha Autoridade ou Órgano de Goberno.

Artigo 8.- *Procedemento*

A actuación do valedor poderá iniciarse de oficio ou mediante queixas. As queixas, tanto individuais como colectivas, formularanse por escrito, no prazo máximo de dous meses dende que se tivese coñecemento dos feitos que motivan a solicitude de intervención.

Cando así o soliciten ou cando a natureza do tema o esixa garantirase polo valedor unha total discreción da identidade dos membros da Comunidade Universitaria que presenten queixas.

Recibida unha queixa, no prazo máximo de quince días darase contestación motivada sobre a súa admisión ou non a trámite.

Admitida a queixa, o valedor promoverá a oportuna investigación para o esclarecemento dos feitos que a motivaron.

O valedor non poderá entrar no exame das queixas relativas a materias que están sometidas a proceso xudicial ou sobre as que penda un expediente administrativo sancionador.

O procedemento rematará mediante dictame ou informe, mostrando o seu parecer sobre a queixa presentada facendo aquelas recomendacións sobre o xeito de actuar de órganos, membros ou servicios da Universidade de Santiago.

Así mesmo, o valedor, de oficio, poderá realizar informes sobre aquelas materias universitarias que considere oportuno. Tamén poderá formular recomendacións perante outros órganos ou Administracións Públicas a través do rector.

As decisións do valedor en ningún caso poderán modifica-los actos e resolucións da Administración Pública Universitaria. Tampouco serán susceptibles de recurso nin de impugnación xudicial.

Artigo 9.- Deber de colaboración

Tódolos órganos e membros da Comunidade Universitaria están obrigados a auxiliar ó valedor no exercicio das súas funcións. O valedor poderá esixir dos responsables ou encargados dos distintos servicios da Universidade a exhibición de tódolos documentos ou datos que considere necesario coñecer para o desenvolvemento máis eficaz da súa función. Se se tratase de documentación secreta ou reservada, será a Mesa do Claustro quen decida se tal documentación debe ser entregada ou non ó valedor.

Artigo 10.- Efectos das actuacións

Cando das actuacións practicadas se desprenda que a queixa foi orixinada polo abuso, arbitrariedade, discriminación, erro, negligencia ou omisión dun membro da Comunidade Universitaria, o valedor elevará un informe ó rector para que tome as medidas adecuadas para o restablecemento da situación perturbada.

Artigo 11.- Da memoria anual

O valedor dará conta anualmente ó Claustro Universitario da xestión feita, nun informe que presentará ante o mesmo na primeira reunión que se convoque ó comezo-lo novo curso académico.

Artigo 12.- Reforma do Estatuto do valedor

A iniciativa de reforma parcial ou total deste Estatuto corresponde ó valedor ou a un tercio dos membros da Xunta de Goberno. A aprobación corresponderá á Xunta de Goberno por maioría absoluta dos seus membros.

Disposición final

O presente Estatuto entrará en vigor o día seguinte ó da súa aprobación pola Xunta de Goberno da Universidade.

3.- POSTA EN MARCHA DA OFICINA DO VALEDOR

Trala elección do valedor polo Claustro da Universidade no mes de marzo de 1996 procedeuse á adecuación dos locais e dotación da oficina que quedou situada provisoriamente no Pavillón de Servicios do Campus Sur de Santiago de Compostela. Tanto as obras necesarias, como a moblaxe e o material foron pagados con créditos do Vicerrectorado de Estudiantes. Nos presupostos da Universidade para o ano 1997 xa se asignou unha partida específica para o valedor do Estudiante e da Comunidade Universitaria.

Así mesmo dotouse cunha praza de auxiliar administrativo, sendo as súas funcións recibir e informar ós usuarios do servizo, así como poñer en marcha todo o proceso administrativo que xera a tramitación das queixas e o arquivo.

Aínda que desde o momento inicial recibíronse as queixas presentadas e tramitáronse do mellor xeito posible, o tempo que se necesitou para adecua-las instalacións do servizo obrigou a que na práctica as actividades da oficina do valedor non se puideran iniciar con normalidade ata o mes de setembro de 1996. Por iso o informe que se presenta corresponde ó período 1 de setembro de 1996 - 30 de setembro de 1997.

Tendo en conta que os estudantes constitúen o colectivo máis numeroso e era de esperar que foran os usuarios máis habituais, celebráronse reunións con representantes das asociacións estudiantís en Santiago e Lugo, e con membros das Xuntas dos centros de Lugo.

Dentro do labor informativo foi fundamental, e é necesario agradecerlo, o interese que a creación da figura do valedor espertou nos medios de comunicación, cos que se celebraron varias entrevistas.

4.- FUNCIONAMENTO DO VALEDOR

O valedor Universitario non debe ser considerado como un servizo de recepción da reclamación xa que, o mesmo que sucede con calquera institución defensora de dereitos, as súas intervencións poñen de manifesto cuestións de fondo, e o conxunto da súa actuación hai que enmarcalo nun contexto de mellora da docencia e do funcionamento da Universidade. Neste sentido, cando se faga unha valoración da eficacia do valedor Universitario é importante ter en conta que, sen prexuízo da importancia que ten o número de queixas e consultas formuladas, non se pode esquecer que algunhas queixas pola súa transcendencia para intereses xerais, ou polo feito de afectar a colectivos, teñen un peso específico que non debe ser medido co dato frío do número de referencia que se lle asigna.

Elementos clave na actuación do valedor son a accesibilidade inmediata para tódolos usuarios do servizo, conseguí-la maior sinxeleza posible no procedemento de tramitación das queixas e o cumprimento da obriga que teñen os órganos e servizos da Universidade de remiti-la información que se lles solicite. Sen embargo, hai que subliñar como esencial que “... *garantirase polo valedor unha total discreción da identidade dos membros da Comunidade Universitaria que presenten queixas*” (*Estatuto do valedor, artigo 8*), xa que o sistema de relacións que existe na comunidade universitaria conduce a que sen garanti-lo segredo, moitas queixas quedarían sen ser presentadas dun xeito formal.

4.1.- FORMAS DE ACTUACIÓN

Aínda que a función do valedor é garanti-los dereitos dos membros da Comunidade Universitaria, na práctica non se desestimaron queixas que, sen seren presentadas por universitarios, tiñan relación e intereses lexítimos coa Universidade. As actuacións para satisfacer as queixas e suxestións pódense clasificar en:

- **Consulta diaria.** É a actuación máis frecuente e sinxela, e realízase sen máis trámite que a solicitude telefónica ou a presenza na oficina, consistindo, xeralmente, nunha información sobre o camiño a seguir. Na maioría dos casos trátase de cuestións que escapan formalmente das competencias establecidas no Estatuto do valedor por non ter esgotados os mecanismos previstos nos Estatutos da Universidade ou nas normas regulamentarias que os desenvolven, e dáse información dos

mesmos, ou ben de queixas que non xustifican unha intervención.

-Intervencións. Son actuacións que, ben pola súa natureza ou ben pola urxencia do problema que se formula, resólvense sen necesidade de información, dictame ou resolución por escrito. Consisten en xestións persoais ou telefónicas diante dos órganos ou servicios que son obxecto da queixa.

En ocasións, sempre que se observe algunha actuación que pode resultar irregular, as consultas e as intervencións poden transformarse nunha queixa ou nunha actuación de oficio.

- Expedientes. Son aqueles casos que pola súa complexidade fan necesaria a apertura dunha investigación, como prevé o Estatuto do valedor, para esclarece-los feitos que motivaron a queixa. Para iso, comunícase ó interesado a admisión a trámite da queixa, e solicítase información por escrito á autoridade académica ou á dependencia administrativa responsable da actuación; en ocasións faise necesario encargar un dictame se a complexidade do tema o fai necesario.

Algunhas recomendacións poden rematar nun recordatorio de deberes ou nunha recomendación á autoridade académica correspondente para que a teña en conta e rectifique a súa actuación no caso de que sexa necesario para salvagardar un dereito que non foi respectado. As recomendacións resultantes dos expedientes de queixa que se instrúen non son máis ca suxestións que se fan á autoridade académica responsable da actuación co obxectivo de que revise a súa actuación. Como resultado da intervención tamén se pode poñer de manifesto a necesidade de modifica-la normativa vixente ou de mellora-la eficacia dun determinado servicio administrativo ou órgano académico.

Se durante a tramitación dunha queixa se resolve o problema que a motivou, ou ben rematada a investigación non se aprecia a vulneración de dereitos nin irregularidades administrativas, procédese ó arquivo da mesma.

- Mediación. Entre as tarefas a levar a cabo destaca pola súa importancia, o exercicio da acción mediadora. Se ben se pode dicir que toda a actuación do valedor é esencialmente mediadora entre os diversos intereses en conflito, por mediación, en sentido estricto, hai que entende-la actuación solicitada por un membro da comunidade ou un colectivo, ou ben polas propias autoridades universitarias. Este tipo de intervención ten que ser aceptado polas partes en conflito, e ten como

obxectivo manter aberto o diálogo e recomendar, no seu caso, vías que fagan posible unha solución satisfactoria para todos.

A carencia de forza executiva fai que a actuación do valedor, baixo calquera das súas formas, sexa basicamente conciliadora de xeito que, por unha parte, defenda os intereses lexítimos que ós membros da comunidade universitaria lles confiren os dereitos recollidos no Estatuto da Universidade e, por outra, posibilite a reflexión ós órganos de dirección, académicos e administrativos, co fin de que reconsideren as súas actuacións non só naqueles casos en que sexan irregulares, senón simplemente cando poidan resultar inxustas.

5.- ACTUACIÓNS

5.1.- *INTERVENCIONES E MEDIACIONES*

Algunhas das actuacións recollidas neste apartado poderían ser tratadas como queixas, pero o seu carácter de urxencia faría inoperante a apertura dunha investigación polo que se optou pola entrevista, persoal ou telefónica, ou por reunións coas partes implicadas nos conflitos que permitiran dar unha solución rápida ó problema plantexado. Dado o número das actuacións realizadas que se poderían recoller neste apartado, e que de moitas delas non hai constancia escrita, expóñense só aquelas que poden resultar máis significativas.

- Intervención solicitada por estudantes que solicitan a repetición do exame da última convocatoria á que teñen dereito dunha materia dun plano de estudos vello. Alegan que o exame foi realizado por un profesor distinto, e sen axustarse ó programa impartido.

- Estudante que solicita exame con tribunal da última materia que lle falta para remata-los estudos.

- Estudantes de planos vellos que non aprobaron algunha materia nas convocatorias de

exame a que teñen dereito, e se ven obrigados a adaptarse ó novo plano de estudos. Á vista do prexudicados que resultan no proceso de adaptación inténtase conseguir, a través do Vicerrectorado de Ordenación Académica, que cursen a mesma materia noutra Universidade na que aínda se imparta.

- Mediacións co Vicerrector de Ordenación Académica e Directores de Departamento para buscar alternativas en materias de planos vellos que quedan sen docencia e nas que o número de estudantes que non as aprobou é moi elevado.

- Estudiantes que son requeridos a abandoala habitación que lles foi asignada no S.R.I., e que están ocupando, por estar matriculados en centros adscritos. Dado o avanzado do curso e que na convocatoria non se excluía ós estudantes de centros adscritos médiase ante o Vicerrectorado de Estudiantes.

- Estudiantes que solicitan o cambio do exame final dunha materia, debido a que a data na que estaba convocado non cumpría o prazo mínimo establecido de dez días a partir da notificación das cualificacións do último parcial.

- Tódolos estudantes dunha materia solicitan o cambio da profesora e néganse a asistir a clase.

- Seguimento da información aberta ós membros do Consello de Goberno dunha residencia con motivo dos incidentes producidos como consecuencia dun peche da mesma.

- Estudiantes que solicitan a anulación da convocatoria dunha proba oral feita pública no mes de maio, e que non figuraba na programación de exames aprobada pola Xunta de Centro.

- Estudiantes que solicitan a intervención para poñer nova data a un examen da convocatoria de febreiro, debido a que o profesor non compareceu na data na que estaba convocado.

5.2.- ACTUACIONES DE OFICIO E INFORMES

Algunhas queixas e consultas, ben polo seu contido ou ben pola súa reiteración, poñen de manifesto a existencia de problemas que requiren un tratamento específico cara a coñecer as causas que motivan o problema e, de ser posible, buscar unha solución ó mesmo.

Neste apartado inclúense dous escritos dirixidos ó Vicerrectorado de Ordenación Académica e Titulacións e un informe solicitado á Sección de Bolsas.

- Escrito en relación coa información sobre as características específicas dos centros adscritos:

Excmo. Sr.:

Tanto a través de queixas presentadas como de consultas telefónicas ponse de manifesto que a información que reciben os estudantes que acceden á Universidade en relación coas características específicas dos centros adscritos non é o suficientemente clarexadora. En concreto, sería conveniente que se informara de xeito claro que nos centros adscritos ó non ser de titularidade da Universidade é necesario abonar unha tarifa, ademáis dos prezos de matrícula oficial.

Por ter repercusión á hora de elixir-lo centro no que o estudante vai realizar os seus estudos, esta información debería darse durante ou previamente ó proceso de solicitude de admisión nos centros.

Rógolle me informe das actuacións que leve a cabo en relación con este tema.

Recíbese copia da información que se lles dá ós estudantes durante o proceso de solicitude de admisión en centros con límite de prazas, que se considera suficiente.

- Escrito en relación cos resultados da avaliación dos estudantes nunha materia:

Excmo. Sr.:

Dende o comenzo da miña actividade como Valedor do Estudiante e da Comunidade Universitaria, no pasado mes de setembro, véñense reiterando consultas e solicitudes de mediación en relación coa situación prantexada na materia ...

Se ben en ámbolos dous planos de estudos a relación estudantes aprobados/estudiantes matriculados é moi baixa, a situación ten unha repercusión especial no caso do plano vello, xa sen docencia, dado que ó quedar poucas convocatorias un número excesivamente elevado de estudantes (poderíamos evaluarlos en varios centos) terían que proceder a adaptalos seus estudos ó plano novo. Esta situación xa lle foi prantexada á Dirección do Departamento, na reunión que tivemos antes da convocatoria de Febreiro de 1997, e na que se acordaron unhas medidas mínimas cara a incrementalo número de aprobados, pero os resultados indican que a situación séguese mantendo.

Por elo considero que neste caso é de aplicación o establecido no punto 16 das Directrices Xerais sobre avaliación do rendemento dos estudantes: “A COAP fará unha análise global e por centros dos resultados de avaliación dos estudantes

Á parte de poñer en marcha as medidas que poidan corrixir as disfuncións ou problemas que se detecten, fará chegar ós centros e departamentos responsables as suxestións que considere oportunas (suxestións xerais, axuste do programa, cambio dos métodos de avaliación, etc.)”, e solicito que someta á COAP o análise dos resultados da avaliación dos estudantes nas materias ..., cara a poñer en marcha as medidas correctoras que considere oportunas.

Rógolle me informe das actuacións que leve a cabo en relación con este tema, e comunícolle que deste escrito envíolle copia ó Ilmo. Sr. decano do Centro.

- Informe sobre as bolsas de estudos na Universidade de Santiago de Compostela:

Dada a gran importancia do sistema de bolsas e axudas ó estudio, e tendo en conta as situacións prantexadas en queixas e consultas relacionadas con denegacións das axudas solicitadas solicitouse un informe á Sección de Bolsas da Universidade. No informe, que é obrigado cualificar como moi completo, faise unha análise da evolución no período 1990-97 do número de bolsas, contía, tipos de axudas e investimento. Este informe pon de manifesto que no curso 1996-97 produciuse un retroceso no número e contía das bolsas concedidas ós estudantes da USC, consecuencia, posiblemente, de determinadas modificacións introducidas na convocatoria e dunha certa falta de adecuación das normas ás características de Galicia, sen embargo non se pode extraer ningunha conclusión dun único curso académico, polo que no presente curso solicitarase un informe análogo.

Do informe entregouse copia ó Sr. rector da USC.

5.3.- *QUEIXAS*

Q9604/01

Queixa presentada sobre a contía outorgada en concepto de Bolsa.

Solicítase informe da Sección de Bolsas no que se detallan os motivos da denegación e dáse traslado do mesmo á interesada, non producíndose ningunha incidencia con posterioridade.

Q9605/01

Presentada pola Xunta dun centro dando conta do seu desacordo co reparto de quendas aprobado pola Xunta de Goberno da Universidade para o acceso a unha titulación de 2º ciclo, por considerar que o dito reparto debe ser proporcional ó número de alumnos de cada titulación con dereito de acceso e non un reparto igualitario entre as mesmas.

O Vicerrectorado de Ordenación Académica, sen menciona-las razóns que levaron a adopta-lo criterio, comunica que a Xunta de Goberno acordou o reparto igualitario entre titulacións das prazas de acceso ás titulacións de 2º ciclo.

No informe final suxírese a conveniencia de que a Universidade estableza uns criterios para o reparto das prazas dos 2º. ciclos entre as distintas titulacións que teñan dereito ó acceso, e que o proceso de elaboración sexa previo e independente da aprobación dos cupos de acceso pola Xunta de Goberno.

Q9605/02

Presentada por estudantes dun centro adscrito dando conta das deficiencias de equipamento e calidade da docencia.

Visitouse o centro xunto co vicerrector de Ordenación Académica e o director do centro, comprobando que se estaban realizando obras de adecuación nalgúnhas aulas e habilitando novos espazos para aulas e salas de lectura. No curso 1995/96 pasáronse por primeira vez as enquisas de avaliación do profesorado, e vaise estudar a posibilidade de incluír ós centros adscritos dentro dos servizos ós estudantes que ten contratados a Universidade para os centros propios.

Q9606/01

Queixa relacionada cun curso organizado pola Aula de Informática.

Á vista dos informes recibidos elevouse recomendación tanto ó director da Aula como ó vicerrector de Ordenación Académica e Titulacións formulando a conveniencia (que sería obrigada no caso daqueles cursos que teñan recoñecemento como libre configuración) de realizar enquisas de avaliación de tódolos cursos que organice a Aula de Informática.

En escrito do 15 de novembro o vicerrector de Ordenación Académica e Titulacións comunícanos que decidiu iniciar un proceso de valoración dos cursos da Aula de Informática cunha enquisa.

Q9606/02

Queixa presentada por dous estudantes en relación coa súa expulsión dun exame.

Ningún dos informes solicitados permite supoñer que a actuación fose incorrecta polo que se procede ó arquivo das actuacións.

Q9607/01 - Q9607/02

Presentada queixa por dous candidatos a un Premio Extraordinario de Doutoramento en relación cos criterios empregados para a adxudicación do referido premio. *Mantéñense en suspenso as*

actuacións xa que os interesados teñen presentada unha reclamación ante o Sr. rector.

A Xunta de Goberno acorda acepta-la reclamación concedendo o Premio Extraordinario a un dos reclamantes, polo que se arquiva a queixa.

Q9609/01

Presentada por un estudante sobre o atraso da resposta a unha solicitude de cambio de grupo. Solicítase ó centro un informe sobre as causas do atraso, e dáse traslado do mesmo ó actor da queixa.

Recoméndase que se informe ós solicitantes dos atrasos que poidan sufrir-los asuntos en trámite e das causas que os motivan. Elévase informe ó vicerrector de Ordenación Académica e Titulacións recomendando o establecemento dun procedemento de solicitude de cambio de grupo con indicación de prazos e datas de resolución de xeito que se facilite ós estudantes a elección das materias nas que se van matricular.

Nas Directrices Xerais sobre avaliación do rendemento académico dos estudantes aprobado pola Xunta de Goberno introduciuse a obrigatoriedade de que os centros establezan criterios para a asignación e o cambio de grupo.

Q9609/02

Presentada por un estudante dando conta de que no curso académico 1994-95 obtivo a cualificación de matrícula de honra en COU, non matriculándose no curso 1995-96 por incorporarse ó servizo militar. Ó formaliza-la matrícula para o curso 1996-97 comunicóuselle que tiña perdido o dereito á exención de taxas por non ter feito uso do mesmo no curso 1995-96.

No informe solicitado á Secretaría Xeral da Universidade indica que non existe a obrigatoriedade de inicia-los estudos universitarios no curso inmediatamente seguinte ó COU, polo que é de aplicación o beneficio de exención de matrícula.

Q9609/03

Presentada por un estudante dando conta de que solicitou revisión de cualificación nunha materia de acordo co procedemento establecido no Regulamento de Réxime interno do centro, sen que fose atendida a súa solicitude pola non comparecencia do profesor da materia.

Despois de solicitar informe á dirección do centro *recoméndase ó vicerrector de Ordenación Académica e Titulacións que adopte as medidas necesarias para que se proceda á inmediata remisión á Comisión de Docencia do exercicio do que se solicita a revisión, tal e como establece o Regulamento de Réxime interno do centro, e que a Comisión de Docencia proceda á revisión da cualificación de modo inmediato.*

Acéptase a recomendación e a instancias do vicerrector de Ordenación Académica procédese á revisión do exame.

Q9609/04

Análoga á anterior, se ben é distinto o actor da queixa e a materia da que se solicita a revisión de exame.

Q9609/05

Presentada por unha estudante en relación coa aplicación dos beneficios de familia numerosa nos Centros adscritos.

Recibíronse informes da Dirección do Centro, da Dirección Xeral de Tributos da Consellería de Facenda e do Servicio Xurídico do Ministerio de Educación e Cultura. Pendente do informe final

Q9610/01

Na que se indica que solicitou a matrícula acolléndose á gratuidade da mesma pola súa condición de fillo de funcionaria da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Recibe notificación do vicerrector de Ordenación Académica e Titulacións na que se lle denega a axuda

solicitada para a matrícula por ter unha idade superior ós 28 anos.

A UXA do Campus Sur informa que a Resolución Rectoral do 18 de xullo de 1995 que regula a convocatoria de axudas para a matrícula, establece no punto cuarto apartado b): “Beneficiarios: ...os fillos de calquera dos titulares, sempre que non superen os 28 anos, no caso de estudos de primeiro e segundo ciclo...”, e no punto 4 apartado c): “os titulares e mailos beneficiarios terán dereito á percepción de axudas pola matrícula para cursa-los estudos soamente para acadar unha titulación oficial...”, non cumprindo o actor da queixa ningunha das dúas condicións.

Dáse traslado do informe ó reclamante indicando a correcta actuación dos Servicios Administrativos da USC.

Q9610/02

Presentada por membros do Consello de Goberno dunha Residencia Universitaria por entender que no nomeamento de Subdirectores non se respectou o artigo 13, parágrafos 1 e 2, do Estatuto do S.R.I. da Universidade de Santiago de Compostela que confiren dereito de audiencia e de veto ó Consello de Goberno.

Tal como consta na información enviada pola Directora da Residencia, o Consello de Goberno foi convocado, con data 25 de setembro, para celebrar unha reunión o día 27 de setembro co único punto na orde do día de “Nomeamento de Subdirectores”. A esta reunión do Consello só asistiu a Directora do Centro, sin que os restantes membros xustificaran a súa ausencia. Considerando esta ausencia como non pronunciamento procedeuse ó nomeamento dos dous Subdirectores.

A xusteza de tempo con que se fixo a convocatoria, tendo en conta ademáis que se trataba de período non lectivo, puido dificulta-la asistencia dos membros do Consello de Goberno, e como consecuencia o Consello de dita Residencia non se constituíu válidamente na reunión do 27 de setembro. Dado que o Estatuto do S.R.I. establece o trámite de audiencia e o dereito de veto parece lóxico tentar que ditos trámites se cumpran, polo que calquera interpretación que se dé sobre a non asistencia dos membros do Consello (neste caso o non pronunciamento) resulta excesivo tomala sobre unha soa reunión.

Por elo, *recoméndase que dada a trascendencia que para o desenvolvemento das actividades dos centros que compoñen o S.R.I. ten a figura do Subdirector, como consecuencia das competencias que lle poden encomendar, nos procesos de designación de Subdirectores se esgoten tódalas posibilidades co fin de cumprir o establecido nos artigos 13.1 e 13.2 do Estatuto do S.R.I. da Universidade de Santiago de Compostela.*

Q9610/03

Como consecuencia dunha queixa presentada por un estudante envíase escrito ó vicerrector de Ordenación Académica no que se pon de manifesto que a aplicación da normativa que regula o paso do primeiro ó segundo ciclo nas titulacións con planos de estudos novos pode levar a situacións nas que se ocasionen prexuízos ós estudantes sen que pareza haber unha xustificación clara para iso.

O Vicerrectorado dirixiuse a tódolos centros da USC por se desexaban facer propostas de modificación do número de créditos de primeiro ciclo que é necesario ter superados para acceder ó segundo ciclo. Froito desa consulta a Xunta de Goberno, na súa reunión do 27 e 28 de febreiro tomou o acordo e dictouse a correspondente Resolución Rectoral modificando a porcentaxe de créditos troncais e obrigatorios de 1º ciclo que é necesario ter superado para acceder ó 2º ciclo nalgúns titulacións.

Q9610/04

Presentada por unha estudante en relación cunha solicitude de cambio de grupo motivada por incompatibilidade entre o horario laboral no seu posto de traballo e o horario de clases do grupo ó que foi designada.

O informe do Centro indica que non consta a solicitude do que se dá traslado á presentadora da queixa, xunto con información do procedemento que se segue no Centro para a tramitación das mesmas.

Q9610/05

Presentada por membros do Consello de Goberno dunha Residencia Universitaria en relación coa admisión dun estudante sen cumprí-los mínimos esixidos na convocatoria.

Na información recibida do Vicerrectorado de Estudiantes indícase que na reunión celebrada o 23 de setembro, a Comisión de Garantías do Sistema de Residencias Integrado (S.R.I.) estudiou trinta e dous escritos de alegacións presentados por solicitantes excluídos no proceso de admisión. A comisión resolveu adxudicar praza de aloxamento, en razón ás circunstancias excepcionais alegadas a dez solicitantes que incumprían os mínimos académicos, sete que incumprían algún dos prazos establecidos na convocatoria e cinco con puntuación económica insuficiente para ter dereito a praza. No caso do solicitante sobre o que recae a queixa a Comisión resolveu concederlle praza no S.R.I. por 13 votos a favor, 3 en contra e 1 abstención por considerar suficientes as razóns alegadas para xustifica-lo incumprimento dos mínimos académicos esixidos na convocatoria.

Este feito pon de manifesto que a Comisión de Garantías extralimitouse nas súas competencias xa que no apartado 2º da “Convocatoria de Prazas do S.R.I. Curso 1996-97” establécese de xeito claro a exclusión “... de quen non cumpra os mínimos esixidos...”, entre os que se inclúen os académicos, polo que a Comisión non se limitou “a resolver en primeira instancia as reclamacións...” senón que eximíu a algúns solicitantes do cumprimento dos requisitos esixidos. Para elo aplica por extensión o último parágrafo do apartado 4.2 da Convocatoria de Prazas do S.R.I. no que dí: “A Comisión de Garantías considerará a posibilidade de exención dos mínimos académicos esixidos”, posibilidade que se refire só ós mínimos académicos, non económicos nin incumprimento de prazos, e que pola súa inclusión dentro do apartado 4.2.5 só é aplicable ós solicitantes con discapacidades.

Esta actuación da Comisión de Garantías pon de manifesto que na súa consideración existen unha serie de causas que xustifican de xeito suficiente que algúns solicitantes sexan eximidos do cumprimento dos requisitos esixidos. De selo caso, *recoméndase que en vindeiras convocatorias de prazas figure de modo expreso baixo qué circunstancias os solicitantes poden solicita-la exención de determinados requisitos mínimos.*

Q9610/06

Relacionada co proceso de admisión de estudantes a un programa de doutoramento.

A información recadada pon de manifesto que en dito proceso o Departamento non cumpriu o establecido no Regulamento de Estudos do Terceiro Ciclo na Universidade de Santiago de Compostela.

Recoméndase a revisión do proceso de admisión de estudantes ó Programa de Doutoramento retrotraendo as actuacións ó momento da admisión de estudantes polo Consello de Departamento.

Acéptase a recomendación e se revisa o proceso de admisión.

Q9611/01

En relación co trato dispensado polo persoal dunha Unidade de Xestión. O actor da queixa pon os feitos en coñecemento do Sr. rector, e a Secretaría Xeral da Universidade inicia unha investigación dos mesmos polo que *se suspenden as actuacións.*

Q9611/02

Queixa presentada en relación coa admisión á convocatoria fin de carreira.

Achégaselle copia da Resolución Rectoral que regula ditos exames e do impreso de solicitude. Infórmase que a convocatoria afecta a tódolos estudantes que cumpran as condicións esixidas sen exclusión de ningunha titulación.

Q9611/03

En relación coa existencia nos Prezos Públicos de Matrícula para o curso 1996/97 dunha taxa por expedición da tarxeta de identidade que debe ser aboada por tódolos estudantes cando, exceptuando ós que se matriculan por primeira vez, todos son posuidores da dita tarxeta.

A tarxeta de identidade é un simple documento identificador da condición de estudante que ten unha taxa de secretaría pola súa expedición segundo establece o Decreto 317/1996 do 26 de xullo (DOG do 5 de agosto) polo que se fixan os prezos para os estudos no ensino universitario. Tendo en conta que a tarxeta ten unha validez de 3 anos *considérase que non é procedente que a Universidade cobre a taxa polo uso da tarxeta de identidade en anos sucesivos ós que a expide de feito e para os que continúa a ser válida sempre que o estudante efectúe a súa matrícula.*

Non se recibiu información das actuacións levadas a cabo en relación con esta queixa.

Q9611/04

Presentada por membros do PAS dos servicios centrais da Universidade en relación co que consideran unha discriminación respecto ó persoal de administración e servicios dos centros Universitarios e incluso de colectivos do propio persoal dalgúns servicios centrais que gozan dun Patrón específico.

Recibiuse o informe solicitado da Xerencia e estase á espera de información doutras Universidades antes de elabora-lo informe final.

Q9611/05

Análoga á queixa Q9610/06, sobre o non cumprimento por un departamento do Regulamento de Estudos de Terceiro Ciclo no proceso de admisión de estudantes a un programa de doutoramento. *A recomendación e actuación da Universidade foron as mesmas que na queixa anterior.*

Q9612/01

Presentada por un membro do grupo IV do persoal laboral da Universidade de Santiago. Na mesma expón que realizando o mesmo traballo que outros compañeiros encadrados no grupo III, ós que substitúe en ocasións, nas súas retribucións, e en especial no que se refire ó plus de permanencia,

atópase prexudicado. Pese a levar tempo tentando aclarar-la súa situación laboral, non ten recibido ningunha resposta.

O informe da Xerencia pon de manifesto que no caso formulado aplicouse correctamente o 3º Convenio Colectivo, e que dito cumprimento foi reiterado pola Comisión Paritaria. Sen embargo non se observou unha diferenza clara entre as funcións dos traballadores asignados ó grupo III e as asignadas ó grupo IV *polo que se suxire que no momento en que proceda, deberá reformularse a asignación de grupo tendo en conta as funcións que se realizan no posto de traballo, e estudar se está xustificada pola diferenza de funcións a diferenza da asignación económica do plus de permanencia.*

Q9612/02

Queixa presentada en relación coa desaparición de exames.

Recadada a oportuna información non se advirte que a desaparición dos exames fora debida á negligencia por parte dos profesores.

Q9612/03

Queixa presentada por unha asociación de estudantes na que expoñen que foron convocados pola vicerrectora de Estudiantes a unha reunión con motivo da celebración da Conferencia de Representantes de Universidade (CRU). Na reunión comunicáseles a intención de subvencionar-la asistencia á CRU de representantes de 3 asociacións estudiantís, estando xa concedidas dúas subvencións a outras asociacións. Para a adxudicación da terceira subvención recorreuse a unha votación, rexistrándose un empate que foi resolto polo voto da vicerrectora. A asociación que presenta a queixa síntese prexudicada polo procedemento seguido para a concesión das subvencións, xa que se consideran con dereito a unha delas por sela asociación con maior número de representantes membros do Claustro da Universidade de Santiago.

As informacións solicitadas poñen de manifesto que as reunións de representantes das

asociacións de estudantes que se celebraron con motivo da asistencia ás sesións de constitución da CRU non corresponden a reunións de ningún órgano estatutario ou regulamentariamente establecido, e que por iso estea obrigado a cumprir un determinado regulamento no seu funcionamento. Polo tanto o procedemento para chegar a acordos será o que adopten os asistentes, que neste caso foi o de votación directa en tódalas reunións que se celebraron.

Por iso considérase, que non existe ningunha irregularidade na actuación da Sra. vicerrectora, a cal ó producirse un empate, por abstención dun dos estudantes asistentes e non acadarse un acordo, ten que desface-la igualdade de votos, baseándose para iso nas razóns expostas no seu informe e das que se dá traslado á asociación de estudantes que presenta a queixa. Tampouco pode considerarse que esa asociación estudiantil fora discriminada ó longo do proceso, por canto foi elixida para asistir en representación dos estudantes da USC a dúas das reunións celebradas.

Nembargantes, o aspecto máis importante da queixa formulada é o que se relaciona coa posibilidade (en termos usados polos reclamantes) de que “... os estudantes -maioritarios- ós que representamos non se vexan inxusta ou inxustificadamente apartados dos foros de debate e dos grupos de traballo...”, ou ben que “...representantes de asociacións con moi diversos pesos teñan igual voto...”

Para impedir que se poidan dar estas situacións recoméndase que dentro do proceso de elaboración dos Estatutos da Universidade que actualmente se está levando a cabo, se considere a creación con carácter estatutario dun Consello de Estudantes ou órgano equivalente, e do posterior desenvolvemento regulamentario das súas competencias e funcionamento.

Q9612/04

Presentada por un estudante en relación coa convocatoria extraordinaria Fin de Carreira. O actor da queixa tiña coñecemento do prazo de solicitude a través da publicación da Universidade de Santiago de Compostela: “Matrícula curso 96-97. Planos de estudio”. Con posterioridade unha Resolución Rectoral modifica o prazo de presentación de solicitudes e o cambio non foi advertido polo solicitante, polo que non cumpriu o prazo establecido na mencionada R.R. e o centro non lle admitiu a solicitude de exame.

Recoméndase que lle sexa autorizada a presentación ós exames da convocatoria extraordinaria Fin de Carreira. Tendo en conta a posibilidade de que nas mesmas circunstancias se atopen máis estudantes, sería conveniente que á resolución se lle dera carácter xeral e se comunicara ós centros afectados.

Ós estudantes nestas circunstancias a Universidade admitiulles a matrícula na Convocatoria Fin de Carreira dentro dos prazos establecidos no libro de matrícula.

Q9612/05

En relación coa non concesión da redución de taxas de matrícula por aplicación dos beneficios de familia numerosa.

Na información solicitada á Secretaría Xeral da Universidade indícase que a denegación baseouse no incumprimento das Normas de Matrícula para o curso 1996/97, que establecen: “Deberase acreditar tal condición mediante exhibición do título de familia numerosa. Este título deberá reunir tódolos requisitos de vixencia e expedición no prazo de matrícula”.

A actora da queixa non mantiña en vixencia o título de Familia Numerosa dentro do prazo establecido, polo que se considera correcta a actuación da Universidade.

Q9612/06

En relación coa non admisión dunha memoria de licenciatura nunha Facultade. Na mesma expón que tendo rematado e presentado o traballo e nomeado o Tribunal o día anterior á data da lectura, no momento de proceder á matrícula, a Unidade de Xestión Académica comunicoulle a denegación da solicitude de admisión da memoria de licenciatura.

Solicitados os fundamentos da Resolución denegatoria nos mesmos dise o seguinte:
“Visto o Real Decreto 1954/94 do 30 de setembro e o Acordo da Xunta de Goberno do 3 de xuño de 1996, os alumnos licenciados por outras Universidades poderán obte-lo Grao nesta Universidade,

sempre que se imparta a mesma titulación que na que o alumno é licenciado”. Circunstancia que non concorre no alumno ó ser este Licenciado en e non impartirse os ditos estudos nesta Universidade.

Esta resolución denegatoria pode ser formalmente correcta, pero tería que terse producido ó inicio do proceso, cando o estudante comeza a face-lo traballo da memoria de licenciatura, e non ó remate do mesmo, cando xa vai proceder á súa defensa. Por iso considérase necesario que se tomen as medidas precisas para que no momento inicial de admisión polo departamento ou de rexistro da memoria de licenciatura no centro se comprobe que o solicitante cumpre os requisitos esixidos para a admisión.

Non se ten coñecemento de actuacións levadas a cabo en relación con esta queixa.

Q9612/07

Presentada por un profesor en relación coa asignación de locais para despacho e laboratorio de investigación. No escrito de queixa expón que foi desaloxado do despacho que tiña asignado e que o laboratorio de investigación que ocupa non ten capacidade nin instalacións adecuadas para realizarlo labor de preparación das clases e investigación, tanto do reclamante como dos estudantes de terceiro ciclo que traballan no mesmo.

Solicitouse da dirección do centro informe das causas que motivaron o desaloxo e da ocupación dos locais do centro. Leváronse a cabo reunións co Vicerrectorado do Campus correspondente, coa dirección do centro e co actor da queixa, chegándose a unha solución satisfactoria.

Q9612/08

Presentada por unha estudante en relación co feito de que ás materias cursadas en réxime de matrícula extraordinaria non se lles asigne cualificacións e non consten nos certificados académicos cando tanto a docencia como o sistema de avaliación son idénticos ós dos estudantes en réxime de matrícula ordinaria.

Como consecuencia desta queixa a Normativa de Xestión Académica, no que se refire á Matrícula Extraordinaria, foi modificada por acordo da Xunta de Goberno incluíndo o seguinte:

8.3.- Efectos:

- Cualificación.- Os alumnos en réxime de matrícula extraordinaria serán cualificados coas mesmas cualificacións que os alumnos de matrícula ordinaria.

- Adaptacións e validacións.- As materias cursadas en réxime de matrícula extraordinaria non serán susceptibles de seren validadas ou adaptadas para a obtención de títulos universitarios oficiais ou propios da Universidade de Santiago de Compostela.

8.4.- Certificacións

Certificacións.- As materias cursadas en réxime de matrícula extraordinaria figurarán nos certificados académicos, se ben dun xeito separado e coa advertencia de estar cursadas en réxime de matrícula extraordinaria, non conducir á obtención de ningún título oficial e non ser susceptibles de validación ou adaptación de ningún título oficial. (Acordo da Xunta de Goberno do 13 de xuño de 1997)

Q9612/09

Igual que a Q9612/05

Q9612/10

Presentada por un profesor en relación cunha actuación da Dirección do Centro.

Dado que co mesmo motivo ten presentada unha reclamación ó Vicerrectorado de Ordenación Académica, *suspéndense as actuacións dacordo co disposto no Estatuto do Valedor do Estudiante e da Comunidade Universitaria.*

Q9701/01

Presentada por un estudante en relación coa convocatoria dun exame. Na mesma expón que o exame dunha materia dun plano vello, sen docencia, foi convocada sen a publicidade adecuada polo que non se puido presentar ó mesmo. Como consecuencia, e debido a que era a última convocatoria, vese obrigado a adaptarse ó plano novo.

Nos informes recibidos do centro e da UXA non se observan irregularidades na convocatoria do exame.

Q9701/02

Presentada por unha estudante en relación cunha solicitude de validación de estudos. Na mesma manifesta que fai catro meses que ten presentada a dita solicitude sen que teña recibido resposta. Atrazo que a prexudica en tanto que se trata da única materia que lle falta para a obtención do título.

A información solicitada do decanato pon de manifesto que a causa do atraso parece estar na emisión de informe por parte do profesor da materia, debido a unha incorrecta presentación da documentación, polo que tivo que solicitar unha aclaración dos programas.

Recibido o informe do profesor o centro procedeu de xeito inmediato á validación dos estudos.

Q9701/03

En relación coa cualificación asignada a un exame de reválida.

Non se admite a trámite por non tratarse dun centro da Universidade de Santiago de Compostela.

Q9701/04

Estudiante que presentou solicitude de adaptación de estudos por cambio de plano, sen que teña recibido ningunha resolución. Como consecuencia do atraso non ten formalizada a súa matrícula e non realizou os exames da convocatoria de febreiro das materias cuadrimestrais correspondentes ó primeiro cuadrimestre do presente curso académico.

Realizadas as oportunas pescudas ponse de manifesto que a causa do atraso é atribuíble ó centro.

Acéptase a recomendación de permiti-la matrícula e habilitar unha nova data de exame de acordo co profesor da materia.

Q9701/05

Estudiante que por estar obrigado a someterse a unha intervención cirúrxica, e non ter seguridade de cal vai se-lo seu estado despois da mesma, limita a matrícula a un número pequeno de materias. Dado o resultado satisfactorio da operación solicitou ampliación de matrícula nas materias do segundo cuadrimestre séndolle denegada.

Infórmase que previo ó trámite da queixa ten que presentar reclamación ante o Sr. rector.

Faise un seguimento do proceso de reclamación que remata nunha resolución estimatoria.

Q9702/01

Presentada queixa por estudantes en relación coa impartición da docencia práctica dunha materia no presente curso 1996/97. Na mesma indican que para a impartición dos contidos prácticos da dita materia, básicos para o seu futuro desenvolvemento profesional, é preciso dispoñer dunha experiencia e coñecementos específicos dos que pola súa formación carece o profesor actualmente encargado da dita docencia práctica.

Despois de celebrar unha reunión co Vicerrectorado de Ordenación Académica, a dirección do centro e a dirección do departamento, recíbese un escrito da dirección do centro no que se comunica que o departamento aprobou unha modificación do POD co obxecto de mellora-la coordinación docente da materia, o que con seguridade terá efectos positivos no nivel académico xa no segundo cuadrimestre do ano académico en curso.

Q9702/02

Preséntase queixa como consecuencia do atraso na resolución dunha solicitude de validación de estudos.

Solicítanse informes do centro e do Servicio de Alumnos nos que se comunica que xa esta dictada a Resolución Rectoral validando as materias que o presentador da queixa solicitara.

Q9702/03

Presentada por un membro do PAS. Na mesma indica que presentou escrito dirixido ó Magfco. Sr. rector no que solicitaba que fora considerada a súa candidatura para cubrir con carácter provisorio prazas vacantes de categoría superior sen que recibira resposta.

A Xerencia da Universidade informou que a solicitude estaba en estudio por mor do disposto na disposición transitoria cuarta do novo Convenio Colectivo que deixa á aprobación da comisión paritaria a xestión das listas de agarda. No anterior convenio colectivo recollíase a posibilidade de utilizar listas de agarda para encomendar funcións de categoría superior ós aspirantes ás probas selectivas non aprobados que se presentaran pola quenda de promoción interna, suposto que non é aplicable á presentadora da queixa pois presentouse pola quenda libre.

Desta información dáse traslado á asinante da queixa sen que con posterioridade presentase novas incidencias.

Q9702/04

Profesores e estudantes de Terceiro Ciclo presentan 112 escritos individuais de queixa relacionados coa convocatoria de Bolsas Predoutorais incluída nas “Convocatorias de Axudas para Investigación 1997” publicadas polo Vicerrectorado de Investigación e do Terceiro Ciclo.

Analizada a información recibida do Vicerrectorado de Investigación compre dicir, en primeiro lugar, que dada a trascendencia que tanto para o desenvolvemento da investigación que se realiza nos departamentos, como para a cualificación do futuro profesorado ten o persoal en formación é necesario e importante que a Universidade, no uso das súas competencias, se comprometa en programas de bolsas do tipo das Bolsas Predoutorais.

Sen embargo, a convocatoria presenta algunhas características singulares, esencialmente as que motivan a queixa, que a diferencian doutras convocatorias de bolsas que cubren o mesmo período formativo, e sobre as que é preciso face-las seguintes consideracións:

- 1.- A esixencia de estar matriculado no primeiro curso dos Programas de Doutoramento do bienio 1996-98 para poder formalizala solicitude, excluindo ós restantes estudantes do terceiro ciclo, non parece suficientemente xustificada, polo que se considera adecuada a proposta de modificación que o Vicerrectorado comprométese a presentar á consideración da Xunta de goberno.
- 2.- A asignación ós bolseiros de tarefas lectivas durante os anos en que están realizando os cursos do seu Programa de Doutoramento, non se contempla nin nas bolsas convocadas pola Consellería de Educación nin polo Ministerio de Educación. Este feito vai ocasionar que, promovido pola propia Universidade nun mesmo Departamento traballen bolseiros con distintas obrigas e, xa que logo, con distintos dereitos o que poderá ser unha fonte de conflitos. Como exemplo pódese tomala convocatoria de “Estadías en Centros de Investigación” incluída na “Convocatoria de Axudas para Investigación 1997”, que esixe ós solicitantes non Doutores a presentación dunha certificación que acredite que teñen rematados os cursos de Terceiro Ciclo, estando excluídos desta esixencia os bolseiros Predoutorais da USC, sen que se dé ningunha razón da excepcionalidade. Parece lóxico que se a esixencia de ter superado o terceiro ciclo é unha condición que teñan que cumprilos solicitantes deste tipo de axuda, sexa aplicable a todos. Por outra parte a asignación da carga docente tampouco parece estar xustificada polas necesidades futuras de profesorado, xa que a

maioría das áreas de coñecemento ás que foron asignadas as bolsas non son deficitarias en profesorado, e teñen bolseiros doutras convocatorias realizando a Tese de Doutoramento.

3.- Outro aspecto conflictivo é a magnitude da carga docente que se asocia ás bolsas, xa que se ben no seu informe o Vicerrectorado de Investigación dí que “... recomendará ó Vicerrectorado de Ordenación Académica que non permita adicacións superiores a 4 créditos ó final do primeiro bienio e 8 ó final do segundo,...”, a convocatoria establece: “Dado o carácter das bolsas, a participación na colaboración docente será progresiva para ser coherente co proceso de formación do bolseiro alcanzando un máximo de 15 créditos no último ano da bolsa”. Se o Vicerrectorado de Investigación considera que son 4 créditos os que deben asignarse ó término do primeiro bienio, este número debería incluírse na convocatoria co que se faría uniforme o tratamento de tódolos bolseiros predoutorais, e se evitarían os problemas de interpretación que sen dúbida se darán nos departamentos.

Con respecto ós 8 créditos que se recomendarán como máximo para o final do segundo bienio, é necesario recordar que a “Normativa para a Organización Docente de 1º. e 2º ciclo” establece no parágrafo 4.1.3.1 que “A dedicación de bolseiros no P.O.D. será dun máximo de 60 horas prácticas”.

Como resumo final cabe indicar que non parece xustificable que no período inicial da formación (durante a realización do terceiro ciclo) coexistan nos departamentos varios tipos de bolseiros, con distintos dereitos e obrigas.

É obvio que a contía económica da bolsa depende do organismo que a convoca, pero a definición das condicións baixo as que os bolseiros desenvolvan mellor o seu traballo e acaden unha óptima formación é responsabilidade e competencia da Universidade, e lóxicamente deben ser as mesmas para todos. Parece necesario que os órganos competentes analicen se é mellor para a formación dos bolseiros que colaboren na docencia dende o primeiro ano de bolsa ou se, pola contra, durante os cursos de terceiro ciclo non se lles debe asignar carga lectiva, e unha vez tomada a decisión deberá procurarse que se aplique por igual a tódolos tipos de bolseiros. En calquera caso non parece razoable que sexa a propia Universidade a que incorpore un novo tipo de bolseiro, non coincidente con ningún dos xa existentes *polo que recomendo que se proceda á revisión, polos órganos competentes, das bases da convocatoria que motiva a presente queixa, e que a mesma se faga de xeito*

que o colectivo afectado poida presentar a través dos seus representantes nos órganos colexiados, as suxerencias que consideren oportunas.

Q9703/01

Presentada en relación coa denegación dunha axuda para o pagamento da matrícula universitaria solicitada por un funcionario da Universidade de Santiago de Compostela. Na mesma indícase que en anos académicos anteriores a Universidade concedía axudas para o pagamento da matrícula dos fillos que cursaban estudos en titulacións non impartidas no Sistema Universitario Galego, e que a dita axuda lle foi denegada para o presente curso 1996/97 sendo a causa da denegación: "...non estar matriculado no presente curso na Universidade de Santiago."

A Secretaría Xeral da Universidade informa que, se ben en convocatorias anteriores ó curso 1996/97 se establecía a posibilidade de subvención de matrícula en titulacións non impartidas no sistema universitario galego, na última convocatoria, por problemas orzamentarios, deixou de incluírse, limitando a axuda ós ingresos deixados de percibir pola USC e ós deixados de percibir polas outras universidades galegas en xusta reciprocidade.

Dado que non parece axeitado que os criterios de asignación duns recursos limitados, que teñen carácter de axuda social ós traballadores da USC, exclúan a aqueles que estudian titulacións de primeiro e segundo ciclo non impartidas no Sistema Universitario Galego e que, polo tanto, terán que desprazarse fóra de Galicia, *recoméndase que nas convocatorias de Axudas de Prezos públicos que convoque a Universidade de Santiago de Compostela se inclúan os estudos que se realicen en titulacións non impartidas no Sistema Universitario Galego, e que en caso de ser necesario limita-las axudas polo limitado dos recursos asignados, os criterios que se apliquen teñan en conta a situación económica familiar e non se exclúa a aqueles que teñen que cursar estudos fóra de Galicia.*

Q9703/02

Presentada por un funcionario en relación co nivel de complemento de destino que ten

asignado. Na mesma indica que na sesión da Xunta de Goberno da Universidade celebrada o 21 de decembro de 1995 aprobouse a subida de niveis de complemento de destino en aplicación dos criterios publicados no DOG do 9 de abril de 1990 e actualizados nunha xuntanza entre a Xerencia da Universidade e a Xunta de Persoal Funcionario celebrada o 11 de xuño de 1993. O interesado, con data do 18 de decembro de 1995 solicitou a actualización do seu complemento de destino por cumprilas condicións requiridas, non sendo atendida a súa petición. Con posterioridade reiterou a súa solicitude de actualización de nivel, sen que tivera resposta ata o momento.

A análise da información solicitada puxo de manifesto que o presentador da queixa cumpría, no momento de presentala solicitude, os criterios obxectivos esixidos para que o seu nivel de destino lle fose actualizado. Por outra parte no referido acordo de xuño de 1993 indícase que o establecemento de módulos é para o incremento automático de niveis, e faise para “non esquecer algúns postos de traballo”. Por iso, *considérase que a Universidade debería ter procedido ó incremento automático, sen necesidade de solicitude previa por parte do interesado, do nivel de complemento de destino que se lle tiña asignado.*

En cumprimento do establecido no artigo 10 do Estatuto do valedor do Estudiante e da Comunidade Universitaria, e ante a posible existencia dunha situación de discriminación, elevouse informe final o Sr. rector.

Q9703/03

Presentada por unha estudante, en relación coa matrícula do presente curso académico. Na mesma indica que no mes de novembro de 1996 realizou a súa matrícula e que a finais do mes de febreiro recibiu unha comunicación da Unidade de Xestión de Alumnos pola que se lle informa que ó haber un erro ma mesma ten que proceder a cambiala por non poderse matricular das materias de 5º curso.

No informe solicitado ó Servicio de Alumnado, comunícase que ó proceder a unha revisión de oficio advertiuse unha irregularidade na matrícula.

Aínda que a actuación da Universidade pode ser formalmente correcta, dados os prexuízos

que se ocasionaron solicitouse nova información co fin de sabe-las causas que motivaron o erro na matrícula.

Q9703/04

Presentada por un estudante en relación co cobro da súa bolsa de estudos. Na mesma indica que o ingreso da contía correspondente á dita bolsa fíxoselle nunha sucursal bancaria da que non é cliente, pese a que dentro dos prazos establecidos comunicou os datos da súa conta á Sección de Bolsas, e como consecuencia non puido facer efectivo o importe da bolsa.

A Sección de Bolsas informa que as causas do erro son imputables a un cambio no procedemento seguido polo Ministerio de Educación e Cultura, e non á Universidade, e intervén ante o ministerio para que se proceda ó urxente pagamento da bolsa

Q9704/01

Queixa presentada en relación coa normativa actual sobre validacións (Anexo I do R.D. 1267/94 do 10 de xuño, BOE do 14 de xuño) que só permite a validación e non a adaptación (que implicaría o recoñecemento da cualificación obtida) entre estudos conducentes a distintos títulos oficiais. Nos novos planos de estudio poden existir materias troncais ou obrigatorias dunha titulación que sexan optativas noutra e incluso materias idénticas en denominación e contidos para varias titulacións e que nalgúns casos a docencia impártese conxuntamente para todos eses alumnos.

Parece razoable, desde o punto de vista académico, que se un alumno cursa unha destas materias, como alumno dunha titulación, poida adapta-la mesma materia para todas aquelas titulacións nas que sexa común e non ter que optar pola validación.

A través do Vicerrectorado de Organización Académica solicitouse informe ó Consello de Universidades sobre a posibilidade de facer interpretacións da norma que permitan adaptar materias entre estudos de diferentes titulacións co obxectivo de recoñece-la cualificación.

Q9704/02

Presentada por un estudante en relación coa solicitude de validación dos estudos cursados con anterioridade noutra titulación. O presentador da queixa solicitou a validación das ditas materias por créditos de libre configuración da titulación na que actualmente está matriculado, séndolle denegada a pesar de non estar excluídas da oferta de materias de libre configuración.

Ponse o feito en coñecemento do vicerrector de Ordenación Académica e Titulacións e este recoñece a validez dos estudos

Q9704/03

Igual cá anterior

Q9704/04

Queixa presentada sobre a desestimación da solicitude de revisión da contía da bolsa que lle foi concedida.

Solicítase informe da Sección de Bolsas no que se detallan os motivos da denegación e dáse traslado do mesmo á interesada, non producíndose ningunha incidencia con posterioridade.

Q9704/05

Presentada por unha estudante en relación coa denegación de solicitude de inclusión nas actas de exame da convocatoria de febreiro.

O informe solicitado ó Servicio de Alumnado indica que conforme o disposto por acordo da Xunta de Goberno da Universidade do 3 de xuño de 1996 só poderán concorrer á convocatoria extraordinaria de exame os alumnos de planos non renovados, para iso deberán formalizar matrícula

nos prazos ordinarios e solicitar concorrer á convocatoria extraordinaria de exames nos prazos que normalmente se establezan. Dos prazos de solicitude deuse a debida información a través do Libro de Matrícula e da edición dun cartel informativo. Tódalas solicitudes presentadas fóra de prazo, entre as que se inclúe a que motiva a presente queixa, foron desestimadas, agás as que, como consecuencia de ter concurrido e superado as materias estiveran en condicións de realiza-lo depósito do título.

Desta actuación do Servicio de Alumnado, que se considera correcta tanto na difusión da información como no tratamento dado as solicitudes presentadas fóra de prazo, deuse traslado á interesada.

Q9704/06

Un estudante presenta queixa en relación coas cualificacións que figuran no seu listado do expediente. Na mesma indica que realizou a adaptación ó novo plano de estudos das materias que tiña superado no plano de estudos vello, e que no seu listado do expediente as ditas materias aparecen como validadas polo que nunha valoración do expediente non lle sería considerada a cualificación obtida.

Ponse o feito en coñecemento do Servicio de Alumnado que procede a realiza-la corrección de xeito que no expediente figuran as cualificacións correctas.

Q9704/07

Presentada por un estudante de Terceiro Ciclo en relación coa non aprobación do Proxecto de Tese de Doutoramento polo Consello de Departamento e os problemas que formula unha nova presentación do mesmo.

Celebrouse unha reunión co vicerrector de Investigación e o director do departamento na que se resolveron os problemas formulados. O proxecto de Tese foi posteriormente debatido e

aprobado polo Consello de Departamento.

Q9704/08

Presentada por unha asociación de estudantes en relación coa resolución das Convocatorias de Axudas a Actividades Culturais e Axudas a Actividades estudiantís dos Vicerrektorados de Estudiantes e de Extensión Cultural.

Recibiuse un primeiro informe solicitado ó Vicerrektorado de Estudiantes. Á vista do contido do mesmo fíxose necesario solicitar unha ampliación da información, xa recibida. Estase elaborando o informe final.

Q9704/09

Análoga á *Q9704/04*

Q9705/01

Presentada por unha profesora en relación coa tramitación dos expedientes de validación de estudos realizados en universidades estranxeiras por dúas estudantes do centro no que imparte docencia.

Admitida a queixa a trámite, solicitáronse informes á dirección do departamento, ó decanato do centro e ó xefe da UXA correspondente. Os informes recibidos poñen de manifesto que no procedemento seguido para resolve-las solicitudes de validación motivo da queixa non se cumpriu o establecido no parágrafo 2 da R.R. do 17 de xullo de 1991 sobre recoñecemento ós estudantes da Universidade de Santiago de estudos realizados no estranxeiro, no marco de convenios ou programas interuniversitarios de cooperación no que se refire ó establecemento previo das equivalencias entre materias e cualificacións, e á obrigatoriedade de elevalo informe da Comisión Académica á Xunta do

centro, por tratarse de disciplinas de varios departamentos.

En cumprimento do establecido no Estatuto do valedor do Estudiante e da Comunidade Universitaria, informouse ó Vicerrectorado de Ordenación Académica que no expediente de validación que motivou a queixa non se cumpriu o establecido no artigo 2º da Resolución Rectoral do 17 de xullo de 1991 sobre recoñecemento de estudos, xa que non foron oídos os profesores que impartían algunhas das materias validadas.

Con carácter xeral súxírese que no que se refire ós programas de mobilidade de estudantes, é necesario que pola USC se tomen medidas que reforcen a garantía dos dereitos dos estudantes e o respecto ás funcións dos profesores. Para iso é necesario uniformizalo funcionamento de tódolos programas de mobilidade, garantindo a adecuada publicidade das convocatorias e o cumprimento por tódolos órganos, tanto académicos como de xestión, das normas que regulan o procedemento de validación de estudos.

Dado o pouco tempo transcorrido dende a data de envío do informe non se ten recibido información das actuacións levadas a cabo.

Q9705/02

Presentada por un residente no Burgo das Nacións, en relación coa asignación de cotas no S.R.I. Na mesma indica que enviou escritos ó Vicerrectorado de Estudiantes solicitando información sobre unha serie de puntos relacionados coa concesión de prazas e a asignación de cotas no S.R.I., en concreto co control que se leva sobre os datos económicos dos solicitantes, sen que recibira resposta ata o momento.

Á vista desta información recibida fixéronse as seguintes *consideracións*:

1.- Con respecto a resolución da convocatoria parece suficiente tanto a documentación que teñen que aportalos solicitantes como a publicidade que se fai dos distintos listados.

Sen embargo, e dado que se trata dunha convocatoria de prazas subvencionadas e por iso de axudas ó estudio, debería ter unha importante participación no proceso a Sección de Bolsas do Servicio de Alumnado. A colaboración da referida Sección podería simplificala presentación de documentación por parte dos solicitantes, en tanto que algúns deles serán

bolseiros, e implicaría a participación no proceso dun persoal experimentado e cualificado no análise da documentación presentada polos solicitantes de axudas.

2.- No que fai referencia á cota que lle foi asignada ó presentador da queixa é correcta conforme ó establecido na convocatoria de prazas do S.R.I. para o curso 1996-97.

Con todo, pese a que a asignación da cota sexa formalmente correcta, os criterios seguidos foron establecidos con carácter xeral para un solicitante medio con características moi distintas ás do presentador da queixa, do que tanto a idade como a situación familiar permitirían que polos órganos competentes se lle dera un tratamento singular á solicitude de praza no S.R.I.

Q9705/03 - Q9705/04 - Q9705/05

Sobre validación de materias como créditos de libre configuración. Igual á *Q9704/02*

Q9705/06

Queixa presentada sobre a contía outorgada en concepto de bolsa. Análoga á *Q9704/04*

Q9705/07 - Q9705/08 - Q9705/09

Análoga a *Q9704/02*, sendo diferentes os actores das queixas e as materias a validar.

Q9705/10

Referida á contía dunha bolsa. Igual á *Q9704/04*

Q9705/11

Foi presentada a queixa por unha estudante en relación cunha solicitude de validación de estudos. Na mesma indica que en novembro de 1996 presentou solicitude de validación dos estudos cursados noutra titulación e que no día de presentación da queixa (maio 1997) non recibira resposta.

Os informes recibidos do decanato do centro e da UXA correspondente explicando as causas do atraso da Resolución remitíronse a presentadora da queixa, non producíndose ningunha incidencia posterior.

Q9705/12

Igual á anterior, sendo diferente a presentadora da queixa.

Q9705/13

Foi presentada queixa en relación coa validación e cómputo de convocatorias dunha materia no caso de estudantes trasladados. Na mesma indícase que a materia cursada na Universidade de orixe non é validada pola correspondente materia do plano de estudos da facultade da Universidade de Santiago, mentres que si lle son tidas en conta as convocatorias que levan consumidas a efectos do cómputo global de convocatorias.

Estase á espera dos informes solicitados.

Q9705/14

Presentada por profesores e bolseiros de investigación dun departamento en relación coa asignación de despachos. Na dita queixa indícase que o Consello de Departamento acordou un cambio na asignación de locais, o que provocou que dúas bolseiras queden sen un despacho no que poder realizar adecuadamente o seu traballo.

Solicitada a información oportuna compróbase que o acordo de distribución dos locais foi tomado polo Consello de Departamento no exercicio das súas competencias, sen votos en contra e tras un estudio previo, polo que non existe ningún erro no procedemento.

Por outra parte o local de que dispoñen os bolseiros do departamento son aceptables en si mesmos, e comparativamente mellores que os que ocupan a maioría dos bolseiros que desenvolven o seu traballo nos departamentos da USC.

Q9705/15

Sobre validación de materias. Análoga á *Q9704/02*

Q9705/16

Presentada por estudantes en relación coas materias optativas ofertadas na titulación que están a cursar. Na mesma indican que están realizando os estudos do Segundo Ciclo no que deben cursar 55 créditos optativos, e que ata o momento non lles foi ofrecido ningún crédito específico da titulación tendo que elixir materias optativas incluídas no plano de estudos, pero que corresponden a titulacións afíns. Por outra parte, con respecto a unha materia que figuraba no libro de matrícula do curso 96-97 como optativa de 2º ciclo, foron advertidos con posterioridade de que se trataba dunha optativa de 1º ciclo, incluída por erro no libro de matrícula como de 2º ciclo. Este erro administrativo, non imputable en ningún caso ós estudantes, ocasionáballes un evidente prexuízo xa que se vían diante do feito de ter cursada unha materia optativa que non lles contabilizaba dentro do número de créditos optativos que teñen que cursar no 2º ciclo.

Solicitáronse informes do Vicerrectorado de Ordenación Académica e Titulacións, do Decanato do Centro e da Dirección do Departamento. No informe do vicerrector de Ordenación Académica indícase que para o curso 97/98 vanse ofertar as materias optativas específicas incluídas no plano de estudos da titulación.

Con posterioridade o Vicerrectorado de Ordenación Académica e Titulacións enviou unha

Instrucción na que se establece que as materias optativas dos planos de estudio da referida titulación non están vinculadas a ningún ciclo, podendo realizar o alumno os créditos optativos que sexan necesarios para obter a titulación entre todas as materias que teñan carácter optativo.

Q9705/17

Un membro do PAS manifesta que os días 21 e 23 de maio, con motivo dun intento de ocupación do Rectorado polos estudantes dunha facultade, procedeuse a pecha-las portas do Pazo de San Xerome, polo que o persoal que realiza o traballo no interior do edificio non puido saír en ningún momento, ata as 15 horas, e algunhas persoas tiveron dificultades para abandonar o edificio ó remata-la súa xornada de traballo.

Os informes recibidos do Vicerrectorado de Coordinación do Campus de Santiago e da Xerencia non foron suficientemente clarexadores polo que se procedeu a solicitar un novo informe á Xerencia. Analizados os informes estímase que, se ben se debe impedi-lo acceso ás dependencias do Rectorado a aquelas persoas que alteren o normal funcionamento dos servizos administrativos, tamén se debe garanti-la saída dos edificios das persoas que, traballando neles, teñan unha causa xustificada para facelo, especialmente, o abandono do edificio ó remate da xornada de traballo. O día 21 de maio, se ben se deron as ordes oportunas non se comprobou a eficacia das mesmas.

Á vista do anteriormente exposto cabe suxerir que naquelas situacións nas que se considere necesario proceder ó peche dos accesos a dependencias da Universidade se tomen as medidas necesarias para que poidan entrar e saír dos edificios as persoas que teñan necesidade de facelo, e para que ó remate da xornada o persoal que traballa nos mesmos os abandone con normalidade e sen grandes atrancos.

Q9706/01

Presentada por un estudante en relación coa matrícula nunha materia de complementos de formación. Na mesma indica que con data do 17 de decembro de 1996 o vicerrector de Ordenación Académica e Titulacións resolveu estima-la petición presentada polo estudante e permitirlle a

matrícula na referida materia. Á vista da resolución asistiu ás clases e no momento de ir facer efectiva a matrícula, comunícaselle verbalmente que non é posible matriculalo por non te-lo primeiro ciclo completo.

O Servicio de Alumnado informa que o estudante está matriculado na materia que motiva a queixa.

Q9706/02

Presentada por un estudante en relación coa validación de materias cursadas noutra Universidade. Na mesma indica que lle foi considerada como reclamación a presentación de documentación adicional, en concreto os programas das materias cursadas na Universidade de orixe, polo que non se lle deu a posibilidade de presentar recurso administrativo contra a resolución de validación.

O informe recibido do centro confirma que a Comisión emitiu un informe provisional sobre das materias solicitadas e reclamoulle ó alumno a presentación dos programas. Con posterioridade a Comisión emitiu o seu dictame unha vez que tivo á súa disposición os programas das materias cursadas, polo que non ten constancia de que o alumno puidera reclamar, contra o único dictame emitido pola Comisión.

Na recomendación final indícase que debe respectarse o dereito do estudante a presenta-las alegacións que considere oportunas ó único dictame emitido pola Comisión Académica, para o que se lle deberá da-lo oportuno prazo de presentación de reclamacións.

A recomendación foi respectada.

Q9706/03

Presentada por un estudante en relación coa liquidación de matrícula. Na mesma indica que con data 29/11/1996 matriculouse de nove materias e abonou o importe total da matrícula, recibindo

con posterioridade un escrito da UXA no que se lle reclama o pago do segundo prazo de matrícula.

A Unidade de Xestión Académica correspondente informa que no momento da liquidación da matrícula, debido a un erro da aplicación informática, as materias optativas de cuarto curso liquidáronse sen dereito a docencia, cando correspondía que foran liquidadas como materias con dereito a docencia, motivo polo que a tódolos alumnos se lles reclamou posteriormente a diferenza.

Deste informe deuse traslado ó presentador da queixa sen que se teña coñecemento de ningunha incidencia posterior.

Q9706/04

Presentada en relación coa validación de materias cursadas ó amparo do programa Erasmus.

Recibidos os informes solicitados, e dada a complexidade do tema solicitouse dictame xurídico.

Q9706/05

Presentada por unha profesora en relación cos criterios de admisión da gardería “Escola Infantil Breogán”.

A mesma reclamación foi prantexada ó Vicerrectorado de Extensión Cultural e Servicios á Comunidade Universitaria, polo que se fixo un seguimento das actuacións levadas a cabo polo mesmo.

Q9706/06

En relación coa contía outorgada nunha bolsa. Igual á *Q9704/04*

Q9707/01

Presentada por unha profesora en relación coa súa substitución como encargada de cualificar os exames de dous estudantes.

Solicitáronse informes ó Centro e Departamento correspondentes.

Q9707/02

En relación cunha solicitude de axuda que cubrira a inscrición nunhas xornadas, e a posible existencia dun trato discriminatorio do PAS no que se refire á asistencia a congresos.

Nos informes solicitados ó Vicerrectorado de Investigación, á Xerencia e á dirección do servizo indícase que o persoal técnico pode solicitar as seguintes axudas:

- A dirección do servizo poderá conceder axudas de viaxe e dietas para a asistencia a actividades derivadas das necesidades do traballo ou a cursos específicos de especial interese.
- A Comisión de Investigación, delegada da Xunta de Goberno, avaliará as solicitudes que presenten ás Convocatorias de Bolsas de Viaxe e Estadías en centros de investigación en igualdade de condicións que o resto dos solicitantes.

Non existe, polo tanto trato discriminatorio do persoal técnico da USC no que se refire á posibilidade de acceso a axudas para asistencia a cursos, congresos ou actividades análogas.

No caso concreto que motiva a queixa, é necesario ter en conta que a concesión de axudas para gastos de inscrición solicitado, non se contempla en ningunha das convocatorias que a Universidade ten abertas, e non se concede, por iso, a ningún membro da Comunidade Universitaria.

Q9707/03

Presentada por un estudante en relación cunha instrución dictada pola Universidade de

Santiago de Compostela pola que non se permite ós titulados por un plano de estudos extinguido que se matriculen no plano de estudos vixente para a mesma titulación, co obxectivo de cursar unha especialidade diferente.

Recibíronse os informes solicitados sobre a forma de actuar en casos análogos no resto das Universidades, e estase estudiando o informe final.

Q9707/04

Presentada por unha estudante en relación coa cualificación obtida nunha materia. Na dita queixa indica que nos exames realizados ó longo do curso nunha materia de libre configuración obtivo as cualificacións máis altas de tódolos estudantes matriculados, e que, a pesar diso, a cualificación final que se lle concedeu foi a de sobresaliente, mentres que outros estudantes foron cualificados con matrícula de honra.

Á vista do informe recibido do profesor da materia considérase que no proceso de cualificación que motiva a queixa pódese ter feito un uso arbitrario de criterios non obxectivos para modifica-la puntuación obtida nas probas obxectivas realizadas durante o curso académico, polo que co fin de garanti-los dereitos que concede o artigo 158.3 dos Estatutos da USC recoméndase a apertura dun proceso de revisión da cualificación asignada.

Non se ten coñecemento das actuacións levadas a cabo en relación coa presente queixa.

Q9707/05

Presentada por varios membros dunha Xunta de centro en relación con problemas xurdidos no proceso de elección de decano. Na queixa infórmase que está formulada unha reclamación ante a Xunta Electoral da Universidade.

As actuacións mantivéronse en suspenso ata que a Xunta Electoral comunicou o remate das súas actuacións e á vista das mesmas procedeuse ó arquivo da queixa.

Q9707/06

Sobre unha adaptación dos estudos cursados. Na mesma indica que por Resolución Rectoral se lle informa da posibilidade de realiza-la adaptación entre os estudos que tiña cursados con anterioridade e os vixentes, e que, trala realización da dita adaptación, podería continua-los estudos.

Con posterioridade déuselle traslado dun acordo polo que a Comisión de Validación e Docencia do centro consideraba que non é procedente a adaptación dos estudos.

Estase á espera dos informes e dictames solicitados.

Q9707/07

Presentada por dúas estudantes en relación cunha solicitude de cambio de matrícula. Na mesma indican que, debido a un erro no proceso de formalización da matrícula, cursaron e superaron unha materia diferente á que figura no impreso de matrícula.

Unha vez que se recibíu información da causa do erro, non achacable ás estudantes, recomendouse a modificación da matrícula, o que foi aceptado.

Q9709/01

Presentada por estudantes dunha titulación de primeiro ciclo en relación co reparto de prazas e os criterios de acceso ó segundo ciclo doutra titulación.

Estase á espera dos informes solicitados.

Q9709/02

En relación coa contratación mediante a modalidade de “Interinidade por vacante” dun posto de PAS

Estase á espera dos informes e dictames solicitados.

Q9709/03

Presentada por un residente do SRI, en relación coa non concesión da praza de aloxamento que solicitou dentro da convocatoria de prazas para membros da comunidade universitaria no verán de 1997.

Analizada a información contida tanto no escrito de queixa como no informe do Vicerrectorado de Estudiantes, e pese a que o presentador da queixa foi informado verbalmente das causas polas que non se lle concedeu a praza solicitada, recórdase o deber de responder por escrito as informacións que os interesados soliciten sobre as causas que motivan a denegación dunha solicitude.

No que se refire á denegación da solicitude que motiva a presente queixa aparece baseada unicamente en que unha actuación previa do estudante, na condición de membro do Consello de Goberno da R. U. Monte da Condesa, “podería ser constitutiva de infracción e dar lugar á imposición da sanción establecida no Estatuto do SRI”, o que en ningún caso pode ser considerado como causa que xustifique a denegación da solicitude.

Q9709/04

Presentada por un membro do PAS laboral, en relación coa denegación de subvención de prezos públicos de matrícula que tiña solicitada.

Estase á espera dos informes solicitados.

6.-CONCLUSIONES

A análise da eficacia do Valedor da Comunidade Universitaria non será correcta se se fai dende a perspectiva dun mero receptor de reclamacións. En xeral as actuacións foron encamiñadas a garantir os dereitos dos membros da Comunidade Universitaria e a mellora-lo funcionamento da Institución, dentro de dúas liñas de actuación: a de supervisión para evitar que se produzan situacións de indefensión ou de arbitrariedade, e a de cooperación cos órganos de goberno cara a acadar solucións xustas ós problemas que se prantexan.

Aínda que sendo consciente de que con só un curso académico, e menos se é o primeiro do seu funcionamento, non é posible facer unha análise completa, a información recollida permite reflexionar sobre algúns aspectos concretos.

- 1.- En primeiro lugar é obrigado expresalo agradecemento persoal e facer unha valoración global positiva sobre a colaboración recibida por parte dos órganos de goberno e servizos administrativos en tódolos niveis.
- 2.- O proceso de implantación dos novos planos de estudos é a orixe de moitos dos problemas prantexados polos estudantes, ben como queixa formal ou simplemente como consulta. Por unha parte o cambio obrigado das tradicionais e coñecidas normas de xestión académica, dirixidas a unha programación anual do curso académico, cando se pasa a unha programación cuadrimestral fai que xurdan problemas non previstos. Por elo, a Universidade debería ter unha sensibilidade especial nestes casos, sobre todo nos primeiros anos da implantación dos novos planos de estudos.

Por outra parte ten unha grande trascendencia a situación en que se encontra un número significativo de estudantes que se ven na obriga de adaptalos estudos ós planos novos, por ter esgotadas as convocatorias de exame permitidas nalgunha das materias dos planos vellos. Os cadros de adaptación establecidos por algunhas titulacións poden ser cualificados como “pouco xenerosos”, o que obriga ós estudantes a cursar nos planos renovados un número de créditos moito maior que os que lles faltaban para rematalos estudos nos planos vellos. Este problema agudízase naquelas materias nas que se acumula un número moi elevado de estudantes, situación que xa motivou intervencións ante o Vicerrectorado de Ordenación Académica e Titulacións, que constan noutros apartados do presente informe.

3.- Se ben con carácter xeral tanto os órganos de goberno como de xestión respostan as solicitudes que se lles presentan nun período de tempo que se pode considerar como razoable, persisten situacións nas que sufren un retraso que prexudica os lexítimos intereses das persoas afectadas. En concreto o proceso de validación de estudos necesita unha revisión que o faga máis áxil e rápido, xa que as materias a cursar polos estudantes, e polo tanto a formalización da matrícula, ven condicionada pola resolución das solicitudes. Neste sentido hai que indicar que se ten constancia de que pola Universidade vaise inicialo proceso de reforma do procedemento de validación de estudos.

4.- Aínda que se poderían incluír dentro do problema global de validacións de estudos, pola súa repercusión merecen mención á parte os problemas relacionados cos estudos cursados no estranxeiro, xa que son relativamente frecuentes as queixas e intervencións derivadas dun incumprimento do procedemento aprobado pola Universidade e non achacable ós estudantes. Este incumprimento, achacable practicamente en tódolos casos a un descoñecemento do procedemento a seguir, ocasiona retrasos considerables na resolución das solicitudes de validación e crea inseguridade nos estudantes.


Dado o crecente número de estudantes que se acollen a este tipo de intercambios, a Universidade deberá garantir o cumprimento do procedemento de tal xeito que o proceso de validación sexa practicamente automático, tal como se recomenda nun apartado anterior do presente informe.

5.- No curso académico 96/97 a Xunta de Goberno da Universidade aprobou a Normativa para a avaliación docente dos estudantes, e a súa aplicación terá, sen dúbida, unha clara repercusión na mellora da organización da docencia. Sen embargo é escasa a difusión dada tanto a esta normativa, como ás normas e regulamentos que teñen aprobados os diferentes centros, polo que será necesario facilitar ós membros da Comunidade Universitaria o acceso a esta información.

7.- REFERENCIAS ESTADÍSTICAS


[QUEIXAS POR SECTORES:](#)

Nº. de queixas	89	⇒ 275 reclamantes
Estudantes:	72	⇒ colectivas: 14
Docentes:	9	⇒ colectivas: 3
P.A.S.:	8	




[ENTRADA MENSUAL DAS QUEIXAS](#)


MES	ANO 96	ANO 97
Xaneiro		5
Febreiro		4
Marzo		4
Abril	1	9
Maio	2	17
Xuño	2	6
Xullo	2	7
Agosto	0	0
Setembro	5	4
Outubro	6	
Novembro	5	
Decembro	10	
Total ano	33	56



Entrada mensual das queixas




Total queixas recibidas	89	
Tramitadas:	73	⇒ 82%
Pendientes:	15	⇒ 17%
Rexeitadas:	1	⇒ 1%



PRAZOS DE TRAMITACIÓN DAS QUEIXAS

Total queixas tramitadas	73	
Prazo tramitación	nº de queixas	porcentaxe
1 Mes:	27	⇒ 37%
2 Meses:	16	⇒ 22%
3 Meses:	12	⇒ 16%
+ 4 Meses:	18	⇒ 25%



DISTRIBUCIÓN DAS QUEIXAS POR TEMAS

TEMA	Nº. QUEIXAS PRESENTADAS
BOLSAS	7
CONVALIDACIÓNS/ADAPTACIÓNS	21
XESTIÓN DA MATRÍCULA	17
S.R.I.	4
REIVINDICACIÓNS ÁMBITO LABORAL	9
DOCENCIA	11
3º CICLO	5
AXUDAS Á MEMBROS DACOMUNIDADE UNIVERSITARIA	6
SERVICIOS Á COMUNIDADE UNIVERSITARIA	1
ACCESO A ESTUDIOS	4
PROBLEMAS DERIVADOS DA IMPLANTACIÓN DE NOVOS PLANES DE ESTUDIO	2
PROCESOS ELECTORAIS	1